

**Que está
funcionando?**

A rede pública de centros de formación profesional para o Emprego da Xunta de Galicia:

<http://emprego.ceei.xunta.gal/rede-de-centros>

A **Consellería de Economía, Emprego e Industria** xestiona os seguintes centros de formación:

- Centros de Formación Profesional Ocupacional: Bueu, Ferrol, Lugo e Viveiro
- Centro de Novas Tecnoloxías (Santiago)
- Unidades de Acción Formativa: Ames, Negreira, Melide e Monforte de Lemos

Centros integrados, que dependen de 2 consellerías:

- **Consellería de Economía, Emprego e Industria:** Centro Nacional FPO Santiago, CIFP Sta. María de Europa-Ourense e Centro FPO Vigo.
- **Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria,** os seguintes CIFP: Rodolfo Ucha Piñeiro, Politécnico de Santiago, Compostela, Ánxel Casal-Monte-Alto, Someso, Fene, Porta da Auga, A Farixa, A Granxa, Valentín Paz Andrade, Carlos Oroza, Paseo das Pontes, Portovello, Manuel Antonio, Coroso, Ferrolterra, Politécnico de Lugo e A Xunqueira.



A rede pública de centros de formación profesional para o Emprego: o exemplo do Centro de Novas Tecnoloxías de Galicia:

<https://cntg.xunta.es/web/cnt/home>

Datos sobre programación formativa 2014/2015:

- Ofertáronse 51 cursos
- Remataron os cursos 858 persoas alumnas
- O 60,36% (169) das persoas desempregadas que remataron algún curso atoparon un emprego
- O 54,55% (264) das persoas ocupadas que remataron algún curso melloraron as súas condicións laborais (posto de traballo, calidade do emprego, retribucións...)
- O 67,97% (401) das persoas ocupadas que remataron algún curso aplican no seu posto de traballo os coñecementos adquiridos

(Datos de inserción e mellora do emprego baseados en 764 enquisas telefónicas, entre alumnado, 6 meses despois de rematar o curso)

Convocatorias ao longo do 2016:

ORDE do 29 decembro de 2015 pola que se establecen as bases reguladoras e se procede á convocatoria pública de subvencións para a programación de accións formativas dirixidas prioritariamente ás persoas traballadoras desempregadas na Comunidade Autónoma de Galicia correspondente ao exercicio de 2016: **25 M€**

ORDE do 21 de xuño de 2016 pola que se establecen as bases reguladoras e se procede á convocatoria de subvencións para a concesión directa de bolsas e axudas para persoas traballadoras desempregadas que participen en accións formativas de formación profesional para o emprego correspondentes ao exercicio de 2016: **4M€**

ORDE do 28 de xullo de 2016 pola que se establecen as bases reguladoras e se procede á convocatoria das subvencións para o financiamento das accións formativas con compromiso de contratación en unidades formativas das empresas e dos incentivos á contratación: **1,2 M€** para formación e **0,25 M€** para incentivos á contratación



Tamén están funcionando.....

1.- 1.311 centros e entidades inscritas ou acreditadas no Rexistro de Centros e Entidades de Formación para o Emprego.

2.- Acordo de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Consellería de Economía, Emprego e Industria (2016), coas seguintes previsións:

- 19 CIFP involucrados en 52 accións formativas
- 18 IES involucrados en 19 accións formativas
- 1.065 persoas como potenciais beneficiarias

3.- A inserción laboral da formación para o emprego (publicacións do 2016 da Subdirección Xeral das Cualificacións <http://emprego.ceei.xunta.gal/publicacions>):

- *Saídas profesionais comarcais 2016*
- *Inserción laboral da formación para o emprego (cursos 2014)*
- As especialidades formativas con mellores resultados de inserción:

	ESPECIALIDADE FORMATIVA	Formados	Inseridos
FMEC0110	Soldadura con eléctrodo revestido e TIG	65	49
TMVI0108	Condución de autobuses	54	39
TMVC31	Conductor de vehículos clases C1-C	62	44
TMVI0208	Condución de vehículos pesados de transporte de mercadorías por estrada	53	37
SSCS0108	Atención socio-sanitaria a persoas no domicilio	345	229
TMVC43	Transporte de viaxeiros por estrada (CAP)	53	35
SSCS0208	Atención socio-sanitaria a persoas dependentes en institucións sociais	1.063	699
FMEC0210	Soldadura oxigás e soldadura MIG/MAG	64	42
HOTR0408	Cociña	85	55
ENAE0208	Montaxe e mantemento de instalacións solares térmicas	108	66
COMT0210	Xestión administrativa e financeira do comercio internacional	78	47
TMVC44	Transporte de mercadorías por estrada (CAP)	80	48
MAMR0108	Montaxe de mobles e elementos de carpintaría	76	45
ADGG0208	Actividades administrativas na relación co cliente	394	231

**Que non está
funcionando?**



ANÁLISE DAFO

DIAGNÓSTICO RESUMO DA SITUACIÓN DE PARTIDA
EMPREGADO PARA A AXENDA 20 PARA O EMPREGO

DIAGNÓSTICO DA SITUACIÓN DE PARTIDA

Debilidades

- + Un 63% das persoas paradas levan un ano ou máis
- + Un 35% da poboación parada ten máis de 45 anos
- + A maior taxa de paro corresponde aos menores de 25 anos
- + A mobilidade laboral rexistra saldos negativos, especialmente entre 24 e 35 anos
- + Baixo nivel de implantación da RSE e da conciliación nas pemes galegas

Fortalezas

- + Diminución no número de persoas desempregadas
- + Aumento da contratación indefinida e tempo completo
- + O 80% das persoas ocupadas teñen contratos de xornada completa
- + Crecemento na afiliación á Seguridade Social
- + Uso dos medios telemáticos para a realización de trámites
- + Expectativa de crecemento económico sostido
- + Índice de inserción do 52% das persoas participantes na formación para persoas desempregadas

- + Envellecemento da poboación
- + + 90% da industria concéntrase en empresas de menos de 6 traballadores
- + Falta de tecido empresarial no ámbito rural
- + A crecente tecnoloxía na empresa pon en risco a ocupación para persoas menos cualificadas
- + Mercado laboral moi cambiante froito da globalización

- + Máis investimento na industria e potencial de crecemento nos sectores estratéxicos
- + Crecemento continuo da internacionalización
- + Penetración das TIC na sociedade, co potencial da teleformación como vía para ampliar a capacitación e a adquisición de novas competencias
- + Demanda de novas ocupacións, cualificacións e perfís profesionais derivados da evolución tecnolóxica
- + Economía social como xeradora de riqueza e emprego
- + Emprego autónomo como fórmula para a reincorporación ao mercado de traballo, especialmente para as persoas maiores de 45 anos

Ameazas

Oportunidades

Datos de persoas demandantes de emprego no Servizo Público de Emprego de Galicia (outubro 2016):

<http://emprego.ceei.xunta.gal/publicacions-paro>

	Mes Actual	Variación Mes Anterior	% Variación Mes Anterior	Variación Mes Ano Anterior	% Variación Mes Ano Anterior		
OUTUBRO 2016	198.940	4.604	2,37%	-23.152	-10,42%		
XÉNERO	Mes Ant.	Mes Ano Ant.	Mes Actual	Var Mes Ant.	% Var Mes Ant.	Var Mes Ano Ant.	% Var Mes Ano Ant.
HOME	85.446	100.815	88.270	2.824	3,31%	-12.545	-12,44%
MULLER	108.890	121.277	110.670	1.780	1,63%	-10.607	-8,75%
IDADE	Mes Ant.	Mes Ano Ant.	Mes Actual	Var Mes Ant.	% Var Mes Ant.	Var Mes Ano Ant.	% Var Mes Ano Ant.
MEHOR DE 30 ANOS	24.715	30.803	25.908	1.193	4,83%	-4.895	-15,89%
DE 30 A 44 ANOS	69.147	82.398	71.008	1.861	2,69%	-11.390	-13,82%
MAIOR DE 44 ANOS	100.474	108.891	102.024	1.550	1,54%	-6.867	-6,31%
SECTORES	Mes Ant.	Mes Ano Ant.	Mes Actual	Var Mes Ant.	% Var Mes Ant.	Var Mes Ano Ant.	% Var Mes Ano Ant.
AGRICUL. E PESCA	6.469	8.378	7.491	1.022	15,80%	-887	-10,59%
INDUSTRIA	23.510	27.283	23.773	263	1,12%	-3.510	-12,87%
CONSTRUCCIÓN	21.245	25.620	21.205	-40	-0,19%	-4.415	-17,23%
SERVIZOS	126.633	142.609	129.890	3.257	2,57%	-12.719	-8,92%
SEN EMPREGO ANTERIOR	16.479	18.202	16.581	102	0,62%	-1.621	-8,91%
NIVEL DE FORMACIÓN	Mes Ant.	Mes Ano Ant.	Mes Actual	Var Mes Ant.	% Var Mes Ant.	Var Mes Ano Ant.	% Var Mes Ano Ant.
ATA CERTIFICADO DE ESCOLARIDADE	81.609	91.859	83.054	1.445	1,77%	-8.805	-9,59%
TITULACIÓN ENSEÑANZA OBRIGATORIA	48.114	56.468	49.806	1.692	3,52%	-6.662	-11,80%
FORMACIÓN PROFESIONAL	27.798	32.486	29.124	1.326	4,77%	-3.362	-10,35%
B.U.P / BACHARELATO SUPERIOR / C.O.U	15.558	17.787	15.922	364	2,34%	-1.865	-10,49%
TITULADOS UNIVERSITARIOS	21.130	23.348	20.902	-228	-1,08%	-2.446	-10,48%
OUTRAS TITULACIÓNS	127	144	132	5	3,94%	-12	-8,33%
TEMPO BUSCA DE EMPREGO	Mes Ant.	Mes Ano Ant.	Mes Actual	Var Mes Ant.	% Var Mes Ant.	Var Mes Ano Ant.	% Var Mes Ano Ant.
MENOS DE 6 MESES	71.599	87.620	78.054	6.455	9,02%	-9.566	-10,92%
DE 6 A 12 MESES	26.996	27.845	25.771	-1.225	-4,54%	-2.074	-7,45%
DE 12 A 24 MESES	29.680	33.095	29.412	-268	-0,90%	-3.683	-11,13%
MAIS DE 24 MESES	66.061	73.532	65.703	-358	-0,54%	-7.829	-10,65%

Datos de persoas que demandan formación profesional para o emprego no Servizo Público de Emprego de Galicia (outubro 2016): **19.848**

**Como
melloramos?**



XUNTA
DE GALICIA

AXENDA
20
PARA O EMPREGO

Emprego para un novo modelo produtivo
baseado no crecemento

Escolma do contido sobre Formación da Axenda 20 para o Emprego

OS RETOS

DA AXENDA 20 PARA O EMPREGO

RETO 1:

O emprego de calidade como elemento clave da competitividade

RETO 2:

Formación e capacitación como pancas de cambio

RETO 3:

Orientación a servizos na atención ás persoas demandantes e ás empresas

OS RETOS

RETO 2: Formación e capacitación como pancas de cambio


A aparición de novas ocupacións e a transformación ou desaparición doutras é unha constante que supón un desafío de **adaptación das competencias e prácticas** das persoas que procuran emprego, e unha **ameaza** de exclusión para aquelas con menor cualificación.

En paralelo, aparecen **novas competencias transversais** como as competencias dixitais para a diminución da fenda dixital, o traballo na nube con persoas distantes ou en contornos de traballo multiculturais froito da globalización, que son imprescindibles neste escenario.

Neste contexto, debemos actualizar a formación para o emprego anticipando novas tendencias nos sectores estratéxicos e **prover as accións de capacitación e especialización** que requiren ás persoas demandantes de emprego, incidindo nas que presentan maiores dificultades para a inserción.

COORDINACIÓN DAS POLÍTICAS ACTIVAS EMPREGO 2016 – 2020

CARA UNHA MAIOR CARTEIRA DE SERVIZOS



ÁMBITOS DE ACTUACIÓN ASOCIADOS AO RETO 2

Reto 2:
Formación e capacitación
como pancas de cambio

[R2/1] Formación e capacitación ao longo da vida laboral

[R2/2] Novo sistema de formación para o emprego

[R2/3] Avaliación das políticas públicas de formación para o emprego

Medidas relacionadas co reto 2:

Formación e capacitación como pancas de cambio

[R2/1] Formación e capacitación ao longo da vida laboral

- 11 + Impulsar a creación de **Unidades de Formación na Empresa** para impulsar dentro do tecido empresarial a **especialización e capacitación con compromiso de contratación**
- 12 + Reforzar e modernizar os **Centros de Formación Profesional** para o emprego dependentes da Consellería **desenvolvendo vínculos co seu contorno sectorial e local**
- 13 + Implantar novos sistemas de **formación atendendo ás necesidades do mercado, especialmente pola Industria 4.0**, cun pulo especial á **FP Dual e en coordinación co Programa Capacita do Igape**



Medidas relacionadas co reto 2:

Formación e capacitación como pancas de cambio

[R2/2] Novo sistema de formación para o emprego

- 14 + **Proxecto piloto “cheque formación”** para que as persoas traballadoras desempregadas teñan liberdade de elección e lles acredite para realizar accións formativas concretas dirixidas a mellorar a súa empregabilidade
- 15 + **Programa de formación e emprego no rural** atendendo ás súas necesidades específicas e impulsando o emprego no interior de Galicia

Medidas relacionadas co reto 2:

Formación e capacitación como pancas de cambio

[R2/3] **Avaliación das políticas públicas de formación para o emprego**

- 16 + Activar un **plan de avaliación de Políticas Públicas de Formación para o emprego** en todas as súas modalidades, coa participación dos axentes sociais, apoiado nun sistema de información integrado que contempla:
 - + Desenvolver un **registro de centros de formación** flexible, áxil e accesible
 - + Establecer **novas medidas de control da execución da formación**



XUNTA
DE GALICIA

GRACIAS!!!

galicia